

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Prácticas de escenificación
DISCIPLINA	Prácticas de escenificación
TITULACIÓN	Título Superior de Arte dramática
ESPECIALIDADE	Dirección escénica e Dramaturxia
ITINERARIO	Dirección escénica e Dramaturxia
CURSO	2º
CRÉDITOS ECTS	6
CARÁCTER	Obrigatorio
DEPARTAMENTO	Dirección de escena e dramaturxia
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR	Daniel González Salgado
DOCENTE	Nome e apelidos: Carmen Labella Rivas Horario titorías: Despacho: Dirección escénica e dramaturxia Contacto: carmenlabella@edu.xunta.es
DESCRICIÓN	Exploración práctica da narratividade espectacular a partir da organización dos materiais escénicos. Adecuación da elección dos elementos de significación aos obxectivos da posta en escena. Coñecemento e experimentación da complexidade do proceso creativo. Valoración e crítica do resultado obtido e do método de traballo utilizado.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Ter asimilado satisfactoriamente os contidos das materias: Escenificación, Composición e Prácticas de escrita dramática.
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Gallego <input checked="" type="checkbox"/> Castellano <input checked="" type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/>
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T6	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersonal.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
X2	Comprender psicoloxicamente e empatizar para entender e sentir as vidas, situacións e personalidades alleas, utilizando de maneira eficaz as súas capacidades de imaxinación, intuición, intelixencia emocional e pensamento creativo para a solución de problemas; desenvolvendo a súa capacidade para pensar e traballar con flexibilidade, adaptándose ás demais persoas e ás circunstancias cambiantes do traballo, así como a conciencia e o uso saudable do propio corpo e o equilibrio necesario para responder aos requisitos psicolóxicos asociados ao espectáculo.
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.

X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.	
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE		
EE1	Concibir propostas escénicas que fundamentan o espectáculo, xerando e analizando conceptos, textos e imaxes e valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.	
EE2	Proxectar a composición do espectáculo, utilizando todos os coñecementos estéticos e técnicos necesarios sobre as diferentes linguaxes e códigos que participan na representación.	
EE3	Planificar e conducir o proceso xeral de creación do espectáculo, aplicando a metodoloxía de traballo pertinente.	
EE5	Investigar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire á metodoloxía de traballo como á renovación estética.	
3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA		COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Elaborar unha técnica propia que permita abordar o traballo da posta en escena dunha maneira sistematizada.		T8, T15, X1, X2, X5, ED1, ED3, ED5
2. Coñecer e aplicar as diferentes disciplinas da posta en escena.		T15, X3, X5, ED3, ED5
3. Utilizar a análise activa e a improvisación como instrumento de exploración cara a posta en escena.		T8, X1, X2, ED1, ED5
4. Valorar o mundo dos signos que interveñen no feito teatral e a súa importancia na comprensión do texto e do seu desenvolvemento escénico.		T15, X1, X3, ED2, ED3
5. Analizar os elementos narrativos da posta en escena e aplicar tal análise no traballo propio.		T8, T7, T15, X1, X3, X5, ED1, ED5
6. Construír unha metodoloxía de traballo baseada na investigación escénica e o desenvolvemento da creatividade propia e do grupo de traballo.		T6, T15, X1, X2, X5, ED3, ED5
7. Expresar as formulacións escénicas dunha forma concreta, clara e precisa.		T8, T10, X1, X3, ED1, ED3
8. Saber coordinar un equipo de traballo, elaborar un diagnóstico das necesidades de aprendizaxe e traballar cooperativamente na solución de problemas.		T6, T15, X2, X3, X5, ED2, ED3, ED5
9. Realizar o proceso completo de concepción, planificación, produción, ensaio e montaxe dunha peza breve (18 minutos, aprox.)		T6, T8, T15, X1, X2, X3, X5, ED1, ED2, ED3, ED5
4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Introducción a situación escénica.	1.1. A situación escénica. 1.2. Os sucesos.	2
2. Elección do texto, análise e investigación.	2.1. Criterios e condicionantes. 2.2. Información e documentación. 2.3. Análise sincrónica.	2
3. Documentación relativa ao proxecto escénico.	3.1. Documentación literaria, gráfica e audiovisual. 3.2. Contextualización da fábula.	2
4. Sentido dramaturxico e proposta metodolóxica da escenificación.	4.1. Lectura concreta e contemporánea. Sentido principal. 4.2. Definición estética-estilística. 4.3. Posible intervención no texto.	2
5. A escenificación: período inicial	5.1. O traballo de mesa. 5.2. A improvisación. 5.3. Busca da acción. 5.4. Partitura de accións físicas e vocais.	14

6. A escenificación: período medio	6.1. O movemento escénico: significado e anotación. 6.2. A acción do texto e a acción escénica. 6.3. A partitura do director. 6.4. Significado da acción.	14
7. A escenificación: período final	7.1. A continuidade. 7.2. Ensaio de acoplamento. 7.3. Ensaio xerais. 7.4. Estreo e seguimento posterior.	4
8. Narrativa escénica I: Introducción.	8.1. Relación entre os elementos narrativos e a idea central. 8.2. O itinerario da acción para o espectador. 8.3. A cadea de sucesos. 8.4. Focos e planos de atención: a mirada do espectador.	4
9. Narrativa escénica II. Elementos de significación.	9.1. Repartición e interpretación. 9.2. O espazo. 9.3. A iluminación. As proxeccións. 9.4. O obxecto. 9.5. Elementos de significación ligados á aparencia do intérprete. 9.6. Espazo sonoro.	4
10. Narrativa escénica III. Sistemas rítmico-dinámicos.	10.1. Movemento escénico. 10.2. Mutacións e ritmo escenográfico e lumínico. 10.3. Ritmo das unidades dramáticas. 10.4. Ritmo do espectáculo.	4
11. Ensamblaxe técnica.		4
12. O traballo cos colabores da escenificación.		4
TOTAL SESIÓN		60 h

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	4	0	4
Exposición teórico-práctica	3	2	5
Práctica individual	40	57	97
Práctica colectiva	6	10	16
Actividades complementarias	3	3	6
Titorías individuais	12	3	15
Titorías de grupo	5	3	8
Actividades de avaliación. Probas	0	0	0
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	5	20	25
Actividades de avaliación. Revisión	3	1	4
TOTAL	81h	99h	180 h
PORCENTAXE	45%	55%	100%

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSEÑANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
1. Actividades introdutorias	Exposición teórico-práctica para presentar a disciplina e actividades encamiñadas a reunir información sobre o alumnado e a tomar decisións con relación ao traballo a desenvolver con posterioridade.

2. Estudos / actividades previos	Traballo estudantil autónomo de procura, lectura, e documentación para o estudo do texto proposto e outros materiais xeradores da escenificación.	
3. Presentacións	Exposición do alumno ou alumna ante o seu grupo e docente, sobre aspectos determinados de planificación e concreción escénica do seu proxecto de escenificación.	
4. Debates	Charla aberta entre o grupo de estudantes sobre os contidos da disciplina, resultado dunha práctica, forma de organización ou decisións técnicas e artísticas da mostra común.	
5. Estudo de casos / análises de situacións	Dende dúas perspectivas: - análise dun feito real coa finalidade de interpretalo dende o punto de vista escénico. - análise dun problema referido á práctica escénica, coa finalidade de coñecelo, interpretalo, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.	
6. Traballos de aula	Seguimento docente do proceso de escenificación, tanto na aula de ensaio como en titorías. O traballo será sometido a unha análise crítica-construtiva e estableceranse novos obxectivos para interpretalo, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.	
7. Traballos tutelados	O estudante elabora individualmente un libro de dirección, material escrito, gráfico e/ou audiovisual que recolle o traballo dramaturxico da súa escenificación: desde as motivacións persoais para a elección do texto e o seu estudo, o proceso de investigación e construción escénica, ata a reflexión da recepción do público.	
8. Titorías individuais ou de grupo	Entrevistas que o alumnado mantén coa docente para o asesoramento ou desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.	
9. Proxecto escénico	Realización dun proxecto individual de dirección escénica, mediante a planificación, o deseño e a realización dunha serie de actividades cun equipo de traballo. - Metodoloxías baseadas na investigación escénica. - Traballo en equipo. Desenvolvemento das capacidades de liderado, comunicación e organización. - Resolución de problemas. - Aprendizaxe activa e cooperativa baseada nos principios éticos e a disciplina.	
7. ATENCIÓN PERSONALIZADA		
Seguimento.	Farase un seguimento personalizado, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do modo mais axeitado.	
Orientación.	Orientación respecto ás dúbidas e inquietudes que xurdan en cada caso.	
8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN		
8. 1 Avaliación ordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Libro de dirección, segundo a metodoloxía proposta na materia.	T8, T15, X1, X3, X5, ED1, ED3, ED5	30%
Prácticas escénicas e ensaios.	T6, T15, T14, X2, X3, X5, ED2, ED3, ED5	40%
Escenificación dunha peza duns 18 minutos Mostra colectiva.	T6,T8, T15, X2, X3, X4, X5, X7, ED2, ED3	30%

8.2. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Libro de dirección, segundo a metodoloxía proposta na materia.	T8, T15, X1, X7, ED2, ED5	30%
Defensa oral do proxecto de escenificación e presentación dos seus materiais gráficos e/ou audiovisuais.	T6, T8, X1, X4, ED2, ED3	20%
Escenificación de 18 minutos aprox. e aberta ao público, dunha peza consensuada coa docente.	T6, T8, T15, X4, X5, X7, ED2, ED3, ED5	50%
8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Libro de dirección, segundo a metodoloxía proposta na materia.	T8, T15, X1, X7, ED2, ED5	30%
Defensa oral do proxecto de escenificación e presentación dos seus materiais gráficos e/ou audiovisuais.	T6, T8, X1, X4, ED2, ED3	20%
Escenificación de 18 minutos aprox. e aberta ao público, dunha peza consensuada coa docente.	T6, T8, T15, X4, X5, X7, ED2, ED3, ED5	50%
9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS		
(Estilo citación MLA)		
Referencias básicas		
<ul style="list-style-type: none"> - Bogart, Anne. <i>Los puntos de vista escénicos</i>. Madrid: ADE, 2007. - Ceballos, Edgar (Ed.). <i>Principios de dirección escénica</i>. México: Colección Escenología, 1999. - Paramio, Agapito. <i>Cuaderno de dirección teatral</i>. Ciudad Real: Ñaque Editora, 2006. 		
Referencias complementarias		
<ul style="list-style-type: none"> - Bogart, Anne. <i>La preparación del director</i>. Barcelona: Alba Editorial, 2008. - Brecht, Bertolt. <i>Escritos sobre teatro</i>. Barcelona: Alba Editorial, 2004. - Brook, Peter. <i>El espacio vacío</i>. Barcelona: Nexos, 1986. - Candfield, Curtis. <i>El arte de la dirección escénica</i>. Madrid: ADE, 1991. - Converse, Terry Jones. <i>Directing for the Stage</i>. Colorado Springs: Meriwether Publishing Ltd., 1995. - Donellan, Declan. <i>El actor y la diana</i>. Madrid: RESAD y Editorial Fundamentos, 2004. - Eisenstein, Sergei. <i>El montaje escénico</i>. México D.F.: Grupo Editorial Gaceta, 1994. - Irvin, Polly (Ed.). <i>Directores</i>. Barcelona: Editorial Océano, 2003. - Knapp, Mark L. <i>La comunicación no verbal. El cuerpo y el entorno</i>. Barcelona: Editorial Paidós, 1982. - Meyerhold, Vsevolod. <i>Textos teóricos</i>. Madrid: ADE, 1992. - Piscator, Edwin. <i>El teatro político</i>. Hondarribia: Hiru, 2001. - Stanislavski, Constantin. <i>Obras completas</i>. Cinco Tomos. Buenos Aires: Editorial Quetzal, 1986. - Toro, Fernando de. <i>Semiótica del teatro</i>. Buenos Aires: Editorial Galerna, 1987. - Ubersfeld, Anne. <i>La escuela del espectador</i>. Madrid: ADE, 1997. - Villafañe, Justo y Mínguez, Norberto. <i>Principios de Teoría General de la Imagen</i>. Madrid: Ed. Pirámide, 2000. - Whitmore, Jon. <i>Directing Postmodern Theater. Shaping signification in performance</i>. The University of Michigan Press, 1994. 		
Bibliografía para as prácticas:		
<ul style="list-style-type: none"> - Pezas dramáticas breves ou escenas independentes dunha obra co dous (ou tres) personaxes. 		

10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

1. Nas exposicións e traballos escritos terase en conta a asimilación do coñecemento, a adecuación da linguaxe, a capacidade investigadora e de análise e a expresión de puntos de vista persoais.
2. Nas prácticas escénicas valorarase positivamente o resultado artístico e a súa evolución, o uso dos coñecementos adquiridos e a correspondencia entre fundamento e práctica.
3. Para obter unha cualificación global positiva, deberanse aprobar (5 ou máis) todas e cada unha das actividades de avaliación recollidas neste programa. No caso de que un estudante suspenda unha ou máis actividades e a media da nota fose superior a 5, a disciplina considérase suspensa e a cualificación que figurará na acta será de 4,9.
4. A falta de asistencia a clase de máis do 10% do horario lectivo desta materia supoñerá a perda da avaliación continua. Todo atraso na hora de entrada na aula será contabilizado tamén como falta de asistencia.
5. A asistencia a titorías será pactada previamente entre estudante e docente, de forma persoal ou a través de email, co fin de acordar: tema, medio e día e hora do encontro.
6. Dado que o texto da escenificación da disciplina é asignado ou pactado coa docente: é imprescindible que o alumnado da convocatoria extraordinaria contacte previamente á preparación da avaliación con ela co fin de cumprir ese requisito.
7. O alumnado que se presente ás convocatorias ordinaria ou extraordinaria terá que contactar previamente coa profesora co fin de organizar próbalas pertinentes.

MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se **ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE**, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación sufrirá as modificacións derivadas da necesidade de articular unha avaliación non presencial. **A avaliación excepcional desta disciplina será moi semellante á súa extraordinaria (punto 8.2 deste programa) coa particularidade de que a actividade de Escenificación dunha peza será avaliada a través de propostas escénicas gravadas, exercicios audiovisuais e/ou curtametraxes a partir do texto asinado. A supervisión docente das será actividades mediante os mecanismos de comunicación a distancia oportunos.**

Avaliación EXCEPCIONAL

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Libro de dirección, segundo a metodoloxía proposta na disciplina.	T8, T15, X1, X7, ED2, ED5	30%
Defensa oral do proxecto de escenificación e presentación dos seus materiais gráficos e/ou audiovisuais.	T6, T8, X1, X4, ED2, ED3	20%
Prácticas de escenificación a partir dun texto asinado: - Propostas escénicas gravadas. - Exercicios sonoros e audiovisuais. - Curtametraxes.	T6, T8, T15, X4, X5, X7, ED2, ED3, ED5	50%

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, a profesora combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas.

AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INTRUCIÓNS QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).